

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

16594 *Real decreto 1384/2011, do 14 de outubro, polo que se desenvolve o artigo 1 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro.*

A Constitución española (CE) recoñece o dereito fundamental á liberdade relixiosa dos individuos e das comunidades sen máis limitación nas súas manifestacións que o mantemento da orde pública protexida pola lei, e establece a obriga dos poderes públicos de cooperar coas confesións relixiosas (artigo 16.3), por tanto, de promover as condicións que permitan que a liberdade e a igualdade dos individuos e os grupos en que se integran sexan reais e efectivas, en consonancia co tamén disposto no artigo 9.2 CE.

Unha das formas desa cooperación é a celebración de acordos coas confesións relixiosas que alcanzaron notorio arraigamento en España. O Islam adquiriu esa condición tras a reunión do Pleno da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa (CALR) do 14 de xullo de 1989, e mediante a Lei 26/1992, do 10 de novembro, aprobouse o Acordo coa Comisión Islámica de España (CIE) coa vontade de «facer posible que sexa real e efectivo o exercicio do dereito de liberdade relixiosa dos crentes musulmáns», segundo se afirma na súa exposición de motivos.

De acordo con ese marco normativo constituíuse a Comisión Islámica de España como órgano representativo do Islam no noso país, á cal se incorporaron a Federación Española de Entidades Relixiosas Islámicas e a Unión de Comunidades Islámicas de España.

O artigo 1.º do referido acordo dispón a súa aplicación ás entidades inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas que formen parte ou que posteriormente se incorporen á Comisión Islámica de España ou a algunha das federacións inscritas integradas na dita comisión.

Desde 1992 ata o momento actual o número de comunidades islámicas inscritas medrou de maneira moi importante. Porén, moitas non se puideron beneficiar do Acordo de cooperación porque ata a data só unha entidade accedeu á CIE de maneira directa, mentres que as demais o fixeron mediante adhesións ás federacións. Isto motivou que, na actualidade, das entidades islámicas inscritas máis do trinta por cento non formen parte da CIE e, por tanto, non estean incluídas no acordo, malia a súa vontade reiterada de se acolleren a el.

O Goberno entende necesario establecer un procedemento legal que permita superar esta situación non desexada e que afecta unha das vertentes que integra o dereito fundamental á liberdade relixiosa.

Para tal fin, e conforme a habilitación contida na disposición derradeira primeira da Lei 26/1992, mediante este real decreto instáurase un procedemento que permite ás entidades musulmáns inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas e que manifestaron a súa vontade de se acolleren ao Acordo de cooperación incorporarse á CIE e, por tanto, gozar dos dereitos e obrigas establecidos no Acordo de cooperación co Estado.

Tras descartar a proposta normativa inicial, «sen prexuízo das consideracións que se fan no corpo do ditame», o Consello de Estado sinala expresamente que «se pode ponderar un desenvolvemento do mencionado artigo 1 do acordo, orientado a evitar que desde o seo da Comisión Islámica de España se impida, por razóns que non resulten atendibles, a aplicación do acordo a unha parte, máis ou menos importante, da comunidade de crentes á cal aquel estaba dirixido (segundo se desprende da exposición de motivos do acordo e da tramitación parlamentaria da lei que o aprobou), obstaculizando así os obxectivos perseguidos tanto coa celebración do acordo como coa aprobación da Lei 26/1992. Todo isto co fin de interpretar e aplicar tanto a lei como o acordo, e as normas que os desenvolvan, no marco e á luz da Constitución e, en particular, dos seus artigos 16 e 9.2».

Esa é, precisamente, a solución que agora se acolle para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario da lei nos termos indicados polo alto órgano consultivo.

Para tal fin establécese un procedemento moi sinxelo e contido nun único artigo.

A natureza procedemental da norma, a súa sinxeleza, unida á exigencia de non atrasar a efectiva realización dun dereito fundamental conducen a que, unha vez atendida a indicación do Consello de Estado, sexa pertinente a súa remisión directa ao Goberno, posibilidade expresamente admitida pola doutrina legal do Tribunal Supremo precisamente para supostos coma este.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, oídos a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa e o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Desenvolvemento do artigo 1 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro.*

1. Este real decreto ten por obxecto desenvolver o artigo 1 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro, co fin de facer efectivos os dereitos de liberdade e igualdade relixiosa das comunidades musulmás establecidas en España, así como o principio de cooperación do Estado coas confesións relixiosas previsto no artigo 16.3 da Constitución.

2. As comunidades ou federacións islámicas que se encontren inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas poderán pedir tamén a súa incorporación á Comisión Islámica de España mediante solicitude na cal se manifeste a aceptación do Acordo de cooperación do Estado coa Comunidade Islámica de España.

3. O Rexistro de Entidades Relixiosas notificará á Comisión Islámica de España a correspondente solicitude de integración para que poida manifestar a súa conformidade ou formular oposición motivada, no prazo de 10 días.

4. O rexistro emitirá resolución no prazo máximo de 30 días desde a presentación da solicitude. Se se cumpriren os requisitos anteriormente sinalados e a Comisión Islámica de España tiver manifestado a súa conformidade, ou tiver transcorrido o prazo sen realizala, procederase a anotar a integración da comunidade ou federación islámica solicitante na Comisión Islámica de España.

5. Se a solicitude non cumprir os requisitos do número 2, ou a Comisión Islámica de España emitir oposición motivada, o Rexistro emitirá resolución mediante a cal denegue a anotación. Contra a dita resolución poderase interpor recurso de alzada. Para a decisión deste poderase solicitar informe da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ